



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DO 2020.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p><b>Interventor:</b> D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> -----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e seis de novembro do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 19/11/2020.

**II.- CONTRATACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

##### LICENZA MUNICIPAL PARA REPARACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, A CERCA, Nº 34, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: MANUEL RIVADEMAR PARADA.

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística presentada por **D. Manuel Rivademar Parada** para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar, sita no lugar de A Cerca nº 34, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 858694MH9088N0001LW nos termos do Proxecto Básico e de Execución de setembro de 2020, Plano E-01 modificado de outubro de 2020, redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 4 de novembro de 2020, do técnico de administración xeral de data 11 de novembro de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 23 de novembro de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A Xunta de Goberno Local**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.-** CONCEDER a **D. Manuel Rivademar Parada** licenza urbanística (Nº 36/20) para **reparación de cuberta de vivenda unifamiliar**, sita no lugar de A Cerca nº 34, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 858694MH9088N0001LW nos termos do Proxecto Básico e de Execución de setembro de 2020, Plano E-01 modificado de outubro de 2020, redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado** polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de*





*seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**CUARTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas



**FIRMANTE - FECHA**





condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**OITAVO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Vilas Tomé**, de data 19/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.641), no que solicita certificación de non estar inventariado nin catalogado un hórreo situado en Montevixán, 44 (Carreira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 29/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:





Ref. catastral: 9198908MH9099N0001ZM

Solicítase certificado conforme un hórreo ubicado na finca con referencia catastral arriba indicada, non se encontra catalogado nin inventariado no Catálogo de Edificios e Elementos Culturais do PXOM de Ribeira.

Examinado dito catálogo, non aparece mencionado dito hórreo, polo que se conclue que non está catalogado nin inventariado.

**2.-** Visto o escrito presentado por **José Manuel Vilas Tomé**, de data 19/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.638), no que solicita información urbanística de parcela situada en Sabartán (Carreira).

Visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 20/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A022006790000KR

Según a cartografía do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, aprobado definitivamente según acordo plenario da Corporación de 17/12/02, a parcela ten fronte a vial público.

Según o Art. 18 da lei 2/2016 do Solo de Galicia, para que a parcela sexa apta para a edificación ten que cumprir a condición de solar, que require, entre outras condicións que o vial esté urbanizado según as aliñacións establecidas no planeamento. Non obstante se poderá edificar si se garantiza, entre outras condicións a execución simultánea da urbanización nas condicións establecidas no Art. 21 da citada lei.

**3.-** Visto o escrito presentado por **Manuela Pérez Sampedro**, de data 10/90/2020 (Rexistro de entrada nº 11.307), no que solicita información urbanística de parcela situada en Sidreiras (Ribeira).

Visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Categoría solo: Urbano Ordenanza 6.2

Según la *Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febrero, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:*





a) Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEI 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

- a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.
- b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

#### REQUISITOS DE LA PARCELA:

Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

#### CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.
- b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.
- c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.
- d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.
- e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.
- f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán as construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.



#### FIRMANTE - FECHA





### 1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

### 1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

### 1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

## 2. Parámetros de la edificación

### 2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m<sup>2</sup>

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

### 2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

### 2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

### 2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 metros. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos añadidos al cuerpo principal de la construcción tales como galerías o miradores, no pudiendo cerrarse con elementos opacos en más del 50% de su superficie.



#### FIRMANTE - FECHA





La dimensión de los vuelos serán las definidas en las condiciones generales de edificación y a una altura de 3,5 metros.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizan a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 60 cm.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, será obligatoriamente de planta baja y una altura máxima de 3 metros, no superando en ningún caso los 30 m. de superficie. Siempre que superen los 15 m, no podrán autorizarse, sin existencia de edificación principal.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0'40 metros.

Cubiertas, materiales: Las cubiertas se resolverán prioritariamente a dos aguas utilizando en cualquier caso como material de cobertura teja cerámica. Estarán compuestas de faldones rectos del alero al cumio, prohibiéndose la construcción de mansardas.

#### 2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

**LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 438/2003 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25/09/2003). LUGAR: LUGAR DE ATALAIA, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTORES: INÉS REINO SUÁREZ**

**VISTA a solicitude de licenza de licenza de primeira ocupación de obra maior para VIVENDA UNIFAMILIAR construída ao amparo da licenza de obra nº 438/2003 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de setembro de 2003, da que é promotora INÉS REINO SUÁREZ, así como devolución de fianza,**

**EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 7 de outubro de 2020 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, e o informe técnico favorable emitido pola**



**FIRMANTE - FECHA**







Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira 4 de novembro de 2019 en relación á devolución do aval depositado facendo constar que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, da documentación obrante no expediente

**VISTO** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 23/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Dna. Inés Reino Suárez **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar sita no lugar de Atalaia, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A052011070000KY, construída ao amparo da licenza de obra nº 438/03, concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 25 de setembro de 2003, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de xuño de 2006 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 19 de xuño de 2006, asinados polo arquitecto Andrés Rey Mancebo e polo arquitecto técnico José Manuel Nieto Olveira, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 902-N, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 18 de febreiro de 2020, Informe favorable da Comunidade de usuarios de Corrubedo de data 26 de agosto de 2020.

**SEGUNDO.-** Proceder a **devolución da fianza con importe de 293,43 €** depositada en relación á licenza de obra nº 13/18 xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

**TERCEIRO.-** Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Asimesmo a licenza concedida:

*-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

*-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

*-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*

*-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Alberto Fafián Mosquera**, de data 11/11/2020 (Rexistro de entrada nº 15.113), no que solicita o a creación dun paso de peóns elevado na estrada CP-7304, á altura do nº 75 do lugar de Outeiro – Artes (Ribeira).

Visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 19/11/2020, no que sinala:

“- Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación DP- 7304, Titularidad de la Diputación de La Coruña.

- Así en el artículo 139. 1 del Reglamento General de Circulación, establece que corresponde al titular de la vía la responsabilidad de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas señale<sup>s</sup> y marcas viales. También corresponde al titular de la vía la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación.

- Con lo cual se establece que esta solicitud debe de ser emplazada al titular de la vía. Diputación de La Coruña”

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Solicitar** á Deputación Provincial da Coruña, autorización para a instalación dun paso de peóns elevado na estrada CP-7304, á altura do nº 75 do lugar de Outeiro – Artes (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o escrito presentado por **Aurea Santiago Andrade**, de data 24/11/2020 (Rexistro de entrada nº 15.883), no que solicita autorización gratuíta para a instalación dun almacén no posto nº 1 (Carnicería) do Mercado Municipal de Palmeira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar**, con exención de taxas, a instalación dun almacén no posto nº 1 (Carnicería) do Mercado Municipal de Palmeira, según o solicitado por Aurea Santiago Andrade.





### ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 3 de novembro de 2020 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2020 para o período de setembro de 2020, que ascende a 10.970,73 euros.

Visto o informe de intervención de data 24/11/2020.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 25/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de setembro de 2020, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 10.970,73 euros.

**SEGUNDO.-** Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 25/11/2020, relativa á Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 15 de outubro de 2020 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2020. (DOG nº 219, do 30 de outubro de 2020).





**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (prórroga da contratación de 1 Axente de Emprego e Desenvolvemento Local)

Segundo.- Aprobar o proxecto para o cal se solicita a subvención denominado “Oficina de Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira”.

#### **INICIO DO EXPEDIENTE: PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR (POLÍGONO 8)**

**PROMOTOR: CONGALSA, CIF B.15.269.392, representada por D. Manuel Carbajo Capeáns.**

**VISTO** o Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8 incoado a instancia da entidade **CONGALSA** e presentado no rexistro xeral da Corporación con data 8 de abril de 2019 (rex de entrada nº 4933).

**CONSIDERANDO** que a competencia para a aprobación inicial do mesmo compete á Xunta de Goberno Local, en virtud da delegación conferida con data 17 de xuño de 2019.

**CONSIDERANDO** os artigos 70 a 76, 82 a 90 de Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, 29 a 32 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental, 177 a 184, e 185 a 187 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, artigos 34 a 45 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, de 29 de maio, artigos 21.1.j), e 22.2.c) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como a lexislación sectorial correspondente.

**VISTA** a proposta da Alcaldía, **a Xunta de Goberno Local**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

Primeiro:-Impulsar a tramitación do **Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8** incoado a instancia da entidade **CONGALSA**

Segundo:-Que pola Secretaría Xeral da Corporación emítase informe xurídico sobre a procedemento que debe observarse no presente expediente, coa indicación expresa dos informes técnicos e/ou sectoriais que sexan precisos.

Terceiro: Que, realizados todos os trámites anteriores, e incorporado o informe-proposta da Secretaría, se de traslado do expediente a este Xunta de GobernoLocal para proceder, no seu caso, á aprobación inicial.





### APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA.

**VISTA** a proposta presentada pola Concelleira de Educación, Xuventude e Deportes, Juana Brión Santamaría, de data 08/11/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira.

**VISTO** que o obxecto do devandito convenio é para a organización e colaboración da Escola Municipal de Vela 2020.

**VISTO** o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 25/11/2020.

**A Xunta de Goberno Local**, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro.**- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira; cunha consignación por importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 341-48003 en concepto de subvención.

**Segundo.**- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

### APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE LOCAIS HOSTALEIROS E DECORACIÓN DE ESCAPARATES DE NADAL.

**VISTA** a proposta presentada pola Concelleira de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 23/11/2020, para a aprobación das bases e convocatoria para a concesión de premios do Concurso de Decoración de Locais Hostaleiros e Decoración de Escaparates de Nadal.

**VISTO** o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 24/11/2020.

**A Xunta de Goberno Local**, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro.**- Aprobar as bases e convocatoria para a concesión de premios do Concurso de Decoración de Locais Hostaleiros e Decoración de Escaparates de Nadal.

**Segundo.**- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.





**APROBACION PRÓRROGA PARA XUSTIFICACIÓN CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MELLORA E INNOVACIÓN DO COMERCIO LOCAL, PROVOCADA POLO COVID-19.**

Vista a Acta 3, de data 24/11/2020, da **Comisión Avaliadora** para a concesión de axudas para a mellora e innovación do comercio local, provocada polo COVID-19, na que propón a concesión dunha prórroga para a xustificación das axudas ata o 25/11/2020 e aceptar os pagos realizados ata o 20/11/2020 a varias empresas.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Aprobar** a concesión dunha prórroga para a xustificación das axudas ata o 25/11/2020 e aceptar os pagos realizados ata o 20/11/2020 ás seguintes empresas:

Nº Rexistro	Nº expediente	Data de rexistro de entrada da solicitude de prórroga	Nº rexistro de entrada
8596	2020/BSM000017	19/11/2020	2020/15656
8594	2020/BSM000016	19/11/2020	2020/15656
8517	2020/BSM000014	19/11/2020	2020/15674
8158	2020/BSM000009	19/11/2020	2020/15677

**ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).**

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, e a Dinamizadora do Centro de Interpretación de San Roque, Sandra Fernández Gómez, de data 23/11/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación de Empresarios de Riveira para a colaboración na Campaña de Nadal 2019 - 2020.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/11/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación de Empresarios de Riveira para a colaboración na Campaña de Nadal 2019 - 2020, resultando o seu importe: 5.000,00 €.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**O Alcalde**  
**Manuel Ruiz Rivas**

**Dou fe, o secretario xeral**  
**Juan Manuel Salguero del Valle**

